



# CONCELLO DE MEIS

## DOCUMENTO

AUDITORÍA MUNICIPAL DAS REDES DE SANEAMENTO PARA A  
DETECCIÓN DE INFILTRACIÓNS. CONCELLO DE MEIS

## PETICIONARIO

CONCELLO DE MEIS

## DATA

OUTUBRO 2024

## CONSULTOR



ENTREPUENTES  
INGENIERÍA

## AUTOR

**Luis Jesús Santiago Limeres**  
Enxeñeiro Técnico de Obras Públicas  
Colexiado Nº 23.347

## APROBADO POLO CONCELLO

## ASINADO DIXITALMENTE



**CONTIDO**

- 1.- ANTECEDENTES..... 6**
- 2.- NORMATIVA, DOCUMENTOS DE REFERENCIA E INFORMACIÓN DE PARTIDA..... 6**
- 3.- MEDIOS EMPREGADOS ..... 8**
  - 3.1.- MEDIOS HUMANOS..... 8
  - 3.2.- MEDIOS MATERIAIS..... 8
- 4.- ORGANIZACIÓN DOS TRABALLOS E ESTRUCTURA DO DOCUMENTO. .... 10**
  - 4.1.- DIAGRAMA DE FLUXO DO PROCEDEMENTO DE TRABALLO ..... 10
  - 4.2.- ESTRUCTURA E CONTIDO DO DOCUMENTO..... 11
- 5.- PARTE 1 - DESCRICIÓN DETALLADA DO SISTEMA DE SANEAMENTO DO CONCELLO DE MEIS. .... 12**
  - 5.1.- PLANEAMENTO URBANÍSTICO ..... 12
  - 5.2.- SITUACIÓN E POBOACIÓN DO CONCELLO DE MEIS ..... 13
  - 5.3.- EXPLICACIÓN DO FUNCIONAMENTO DO SISTEMA DE SANEAMENTO DO CONCELLO DE MEIS..... 15
  - 5.4.- INVENTARIO DOS ELEMENTOS SINGULARES DO SISTEMA DE SANEAMENTO DO CONCELLO DE MEIS. .... 15
- 6.- PARTE 2 - PLANOS EN FORMATO DIXITAL DO SISTEMA DE SANEAMENTO DO CONCELLO DE MEIS. .... 30**
  - 6.1.- INCORPORACIÓN DA INFORMACIÓN A SIX..... 30
  - 6.2.- PLANOS EN FORMATO DIXITAL ..... 30
- 7.- PARTE 3 - SECTORIZACIÓN E DETERMINACIÓN DE PUNTOS DE CONTROL DO SISTEMA DE SANEAMENTO DO CONCELLO DE MEIS. .... 31**
  - 7.1.- DETERMINACIÓN DE CONCAS VERTENTES..... 31
  - 7.2.- DETERMINACIÓN DOS PUNTOS DE CONTROL ..... 32
  - 7.3.- CODIFICACIÓN DOS PUNTOS INVENTARIADOS. .... 33
- 8.- PARTE 4 – INSPECCIÓN DOS PUNTOS DE CONTROL DO SISTEMA DE SANEAMENTO DO CONCELLO DE MEIS..... 35**
  - 8.1.- RESULTADO DOS TRABALLOS DE INSPECCIÓN DOS PUNTOS DE CONTROL. .... 37
- 9.- PARTE 5 – DETERMINACIÓN DAS ZONAS A ESTUDAR EN PROFUNDIDADE ..... 39**
- 10.- PARTE 6 – INSPECCIÓN EN PROFUNDIDADE DE SECTORES POZO A POZO. .... 40**
  - 10.1.- INCIDENCIAS DETECTADAS NA INSPECCIÓN EN PROFUNDIDADE REALIZADA..... 42
- 11.- PARTE 7 – INFORME FINAL E PROPOSTAS DE MEDIDAS CORRECTORAS ..... 45**
  - 11.1.- RESUMO DA CAMPAÑA REALIZADA..... 45
  - 11.2.- INVENTARIO DE INCIDENCIAS DETECTADAS ..... 46
  - 11.3.- ESTIMACIÓN DOS VOLUMES INFILTRADOS NAS INCIDENCIAS DETECTADAS..... 47
  - 11.4.- PROPOSTA DE MEDIDAS CORRECTORAS E VALORACIÓN ECONÓMICA..... 48
    - 11.4.1.- REHABILITACIÓN POZO DE REXISTRO CON RESINAS E MORTEIRO HIDRÓFUGO ..... 48
    - 11.4.2.- TAPA POZO DE REXISTRO ..... 49
    - 11.4.3.- INSPECCIÓN CON CÁMARA TV E REPARACIÓN PUNTUAL..... 50
    - 11.4.4.- REHABILITACIÓN LINEAL DE TUBAXES CON MANGA PRFV..... 51



11.4.5.-	LIMPEZA E SANEADO DE POZO, FOSA OU DEPURADORA.....	51
11.5.-	RESUMO DAS INCIDENCIAS E VALORACIÓN ECONÓMICA DE CORRECCIÓN.....	52
11.6.-	MELLORAS ESPERABLES DE APLICACIÓN DE MEDIDAS CORRECTORAS PROPOSTAS .....	53
11.6.1.-	MELLORAS TÉCNICAS E ECONÓMICAS NO FUNCIONAMENTO DA EDAR.....	53
11.6.2.-	REDUCCIÓN DE ALIVIOS.....	53
11.6.3.-	AFORRO ECONÓMICO.....	53
<b>12.-</b>	<b>SEGUIMIENTO E CONTROL PROPOSTO .....</b>	<b>54</b>
12.1.-	ACTUACIÓNS RECOMENDADAS AO TITULAR DO SISTEMA DE SANEAMENTO .....	54
12.2.-	ACTUACIÓNS PROPOSTAS POR PARTE DA ASISTENCIA TÉCNICA .....	54
12.3.-	PUNTOS DE CONTROL PARA O SEGUIMIENTO.....	54
<b>13.-</b>	<b>RESUMO E COMENTARIOS FINAIS .....</b>	<b>55</b>
	<b>ANEXO 1. PLANOS .....</b>	<b>56</b>
	<b>ANEXO 2. FICHAS DE INSPECCIÓN DOS PUNTOS DE CONTROL .....</b>	<b>57</b>
	<b>ANEXO 3. FICHAS DE INSPECCIÓN POZO A POZO.....</b>	<b>58</b>
	<b>ANEXO 4. FICHAS DE INCIDENCIAS .....</b>	<b>60</b>

## TÁBOAS

Táboa 1.	Contido do documento da auditoría.....	11
Táboa 2.	Poboación do concello por parroquias.....	14
Táboa 3.	Inventario de infraestruturas de saneamento do concello.....	15
Táboa 4.	Ficha da EDAR DE VALBOA .....	16
Táboa 5.	Ficha da EDAR DE VILAR .....	17
Táboa 6.	Ficha da FOSA SÉPTICA RUTA DA PEDRA E DA AUGA.....	18
Táboa 7.	Ficha da FOSA SÉPTICA DE SILVOSO .....	19
Táboa 8.	Ficha da EBAR PENENTE/PARQUE ACUÁTICO .....	20
Táboa 9.	Ficha da EDAR de EDAR DE PAIENDES.....	21
Táboa 10.	Fotografías da EDAR O PAZO (MOSTEIRO) .....	22
Táboa 11.	Ficha do FILTRO PREVIO EDAR BARALLA .....	23
Táboa 12.	Ficha da EDAR DE BARALLA .....	24
Táboa 13.	Ficha da FOSA SÉPTICA AVENIDA MÉDICO PAZ.....	25
Táboa 14.	Ficha da EDAR DE RIALDONIO/CAVADA.....	26
Táboa 15.	Ficha da EDAR DE OUTEIRO (PARADELA) .....	27
Táboa 16.	Ficha da EDAR DE LANTAÑÓN .....	28
Táboa 17.	Control comparativo de caudais para análise pozo a pozo.....	35



Táboa 18. Control de turbidez para análise pozo a pozo.....	36
Táboa 19. Valores para análise da condutividade .....	36
Táboa 20. Táboa resumen dos resultados da inspección dos puntos de control .....	38
Táboa 21. Listado de concas e subconcas con necesidade de estudo en profundidade. ....	39
Táboa 22. Sectores a inspeccionar en profundidade .....	41
Táboa 23. Índice das fichas das incidencias .....	43
Táboa 24. Inventario de deficiencias detectadas.....	46
Táboa 25. Resumo de deficiencias relacionadas con infiltración de augas brancas no Concello de Meis, estimación de volumes infiltrados.....	47
Táboa 26. Orzamento estimado (OEM) para a rehabilitación de pozo de rexistro mediante tratamento sen gaba (varias actuacións). ....	49
Táboa 27. Orzamento estimado (OEM) para a instalación de tapa estanca para pozo de rexistro.....	50
Táboa 28. Orzamento estimado (OEM) para a inspección de tubaxes con cámara e rehabilitación puntual das roturas detectadas. ....	50
Táboa 29. Orzamento estimado (OEM) para a rehabilitación lineal con encamisado. ....	51
Táboa 30. Orzamento estimado (OEM) para a limpeza de pozos, fosas e colectores. ....	51
Táboa 31. Resumo de deficiencias relacionadas con infiltración de augas brancas no Concello de Meis, proposta de actuacións correctoras e valoración económica (OEM).....	52
Táboa 32. Índice dos planos.....	56
Táboa 33. Índice das fichas de inspección dos puntos de control .....	57
Táboa 34. Índice das fichas de inspección dos pozos de rexistro .....	59
Táboa 35. Índice das fichas das incidencias .....	60

## ILUSTRACIÓNS

Ilustración 1. Ferramenta: imán para abrir as tapas de rexistro.....	8
Ilustración 2. Bote e pértega para toma de mostras .....	9
Ilustración 3. GPS portátil .....	9
Ilustración 4. Conductímetro portátil .....	9
Ilustración 5. Diagrama de fluxo básico do procedemento. ....	10
Ilustración 6. Plan Xeral de Ordenación Municipal de Meis: memoria do saneamento.....	12
Ilustración 7. Plan Xeral de Ordenación Municipal de Meis: Plano de información das infraestruturas de saneamento do núcleo urbano de Meis. ....	13
Ilustración 8. Localización do concello.....	14



Ilustración 9. Fotografías da EDAR DE VALBOA .....	16
Ilustración 10. Localización EDAR DE VILAR. ....	17
Ilustración 11. Fotografías da FOSA SÉPTICA RUTA DA PEDRA E DA AUGA .....	18
Ilustración 12. Fotografías da FOSA SÉPTICA DE SILVOSO .....	19
Ilustración 13. Fotografías da EBAR PENENTE/PARQUE ACUÁTICO .....	20
Ilustración 14. Fotografías da EDAR DE PAIENDES.....	21
Ilustración 15. Fotografías da EDAR O PAZO (MOSTEIRO) .....	22
Ilustración 16. Fotografías do FILTRO PREVIO EDAR BARALLA .....	23
Ilustración 17. Fotografías da EDAR DE BARALLA .....	24
Ilustración 18. Fotografías da FOSA SÉPTICA AVENIDA MÉDICO PAZ .....	25
Ilustración 19. Fotografías da EDAR DE RIALDONIO/CAVADA .....	26
Ilustración 20. Fotografías da EDAR DE OUTEIRO (PARADELA).....	27
Ilustración 21. Fotografías da EDAR DE LANTAÑÓN .....	28
Ilustración 22. Plano xeral das concas vertentes coas infraestruturas inventariadas .....	29
Ilustración 23. Plano xeral das concas vertentes do Concello de Meis.....	31
Ilustración 24. Plano xeral das concas vertentes cos puntos de control asociados.....	32
Ilustración 25. Codificación dos puntos inventariados .....	33
Ilustración 26. Imaxes exemplo da codificación de puntos de control de Meis .....	34
Ilustración 27. Paleta de valores de turbidez.....	36
Ilustración 28. Modelo de ficha de inspección de punto de control.....	37
Ilustración 29. Modelo de ficha de inspección de pozo de rexistro.....	40
Ilustración 30. Modelo de ficha de incidencia .....	42
Ilustración 31. Plano xeral das concas vertentes do concello coas incidencias detectadas. ....	44



## 1.-Antecedentes

As auditorías municipais da rede de saneamento para a detección de infiltracións son un instrumento eficaz para a identificación dos problemas asociados á xestión das redes de saneamento. Identificar as principais entradas de augas brancas e salgadas ou os puntos de alivio, é o primeiro paso para mellorar o funcionamento dos sistemas de saneamento e poder programar actuacións que, sendo en moitos casos de pouca entidade, permitirán mellorar significativamente a prestación dos servizos e contribuír ao cumprimento dos obxectivos ambientais nun complexo escenario de cambio climático.

Con este obxectivo, no Diario Oficial de Galicia n.º 20, de data 29 de xaneiro de 2024, publícase a Resolución do 26 de decembro de 2023 pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de subvencións aos concellos, en réxime de concorrencia competitiva, destinadas á realización de auditorías municipais das redes de saneamento para a detección de infiltracións, e se convocan para o ano 2024, mediante tramitación anticipada de gasto (código de procedemento AU301D).

O Concello de Meis, solicita dita subvención para a realización dunha auditoría municipal das redes de saneamento para a detección de infiltracións do Concello de Meis.

Mediante Resolución do 27 de xuño de 2024, o instrutor do procedemento ditou proposta de resolución para conceder ao Concello de Meis a subvención solicitada.

O Concello de Meis, responsable do saneamento do municipio, consciente desta necesidade e dadas as dificultades técnicas que supón a realización a través de persoal propio, a través do Decreto de Alcaldía 2024-0464 do 13 de agosto de 2024 adxudica o contrato menor de servizos para elaboración dunha auditoría municipal das redes de saneamento para a detección de infiltracións á empresa ENTREPUNTES INGENIERIA S.L.

## 2.-Normativa, documentos de referencia e información de partida.

Se ben non se dispón de normativa específica no referente ás infiltracións en redes de saneamento, existen diversas normativas e documentos de referencia que son de interese debido á súa aplicación en materia de inspección e control de augas residuais.

A continuación, indícanse tódolos Documentos Normativos e de referencia que foron consultados durante a elaboración deste procedemento.

- Normativa:

- Lei de Mellora da Xestión do Ciclo Integral da Auga (LMXCIA).
- Lei 9/2010 de 4 de novembro, de Augas de Galicia.
- Decreto 141/2012 “Regulamento marco do Servizo de Saneamento e Depuración de Augas Residuais de Galicia”.
- Decreto 136/2012 “Regulamento do canon da auga e do coeficiente de vertedura a sistemas públicos de depuración de augas residuais”.



- Lei 7/2019 de 23 de decembro, de medidas fiscais e administrativas.
- Decreto 42/2020, polo que se modifican determinadas disposicións vixentes en materia de augas.
- Regulamento (UE) 2016/679 del Parlamento Europeo y del Consejo, de 27 de abril de 2016, relativo a la protección de las personas físicas en lo que respecta al tratamiento de datos personales y a la libre circulación de estos datos y por el que se deroga la Directiva 95/46/CE (Reglamento general de protección de datos).
- Outros documentos de referencia:
  - Norma ISO 5667-1:2007 “Calidad del agua: Muestreo. Parte 1: Guía para el diseño de los programas de muestreo”.
  - Norma ISO 5667-3:2019 “Calidad del agua: Muestreo. Parte 3: Guía para la conservación y manipulación de las muestras de agua”.
  - Standard ISO 5667-10:1992 “Water quality: Sampling. Part 10: Guidance on sampling of waste waters”.
  - “Protocolo de inspección de vertidos de augas residuales destinado a las entidades colaboradoras de la Administración Hidráulica”, Ministerio de Agricultura, Alimentación y Medio Ambiente (MITECO).
  - Standard Methods 1060 23th ed. APHA, AWWA.
  - NT-49 Rev. 2, ENAC.
  - CGA-ENAC-EI Rev. 7, ENAC.
  - “Manual práctico de calidad en los laboratorios. Enfoque ISO 17025”. AENOR.
  - “Calibración e incertidumbre en los laboratorios químicos”. UNED – Madrid, 2007.
  - “National Field Manual for the collection of Water-Quality Data. Chapter A6. Field Measurements. 6.4. pH”. U.S. Geological Survey.
  - “National Field Manual for the collection of Water-Quality Data. Chapter A6. Field Measurements. 6.3. Specific Electrical Conductance”. U.S. Geological Survey.
  - “Proposta de modelo e protocolo de inspección de redes de saneamento para a detección de infiltracións”. Augas de Galicia – Xunta de Galicia.



### 3.-Medios empregados

#### 3.1.- Medios humanos

Os medios humanos asignados para a realización do presente documento estivo composto polos seguinte equipo técnico:

- Operarios de campo con coñecementos do funcionamento das redes de saneamento para inspección:
  - o Técnico: Javier Santiago Díaz. Enxeñeiro Forestal Colexiado Número 758 do C.O.E.T.F.G.
  - o Peón: Santiago Carreño Morales.
- Enxeñeiro con ampla experiencia no ciclo integral da auga e no funcionamento das redes de saneamento e depuración. Para a realización das tarefas de acompañamento do equipo de operarios, establecemento de protocolos, toma de decisións, tratamento de datos e preparación da documentación para entregar a Augas de Galicia na xustificación da subvención:
  - o Luis Jesús Santiago Limeres. Enxeñeiro Técnico de Obras Públicas Colexiado Nº 23.347.

#### 3.2.- Medios materiais

Os medios materiais empregados para a realización dos traballos de campo son os seguintes:

- Ferramentas para abrir pozos de rexistro:



Ilustración 1. Ferramenta: imán para abrir as tapas de rexistro



- Elementos para toma de mostras para inspección:



Ilustración 2. Bote e pértega para toma de mostras

- GPS e cámara fotográfica portátil para levantamento topográfico e exportar a GIS:



Ilustración 3. GPS portátil

- Conductímetro portátil HANNA INSTRUMENTS HI99301 (CE/ TDS/ Temp) (0,00 a 20,00 mS/cm):



Ilustración 4. Conductímetro portátil

- Outros materiais auxiliares para o traballo de campo, control de turbidez, vídeo cámara de inspección, vehículos, equipamento de seguridade e saúde (protección individual EPIs e colectivas), software para visualización de cartografía, CAD, GIS e procesador de textos para redacción de informe de resultados.

## 4.- Organización dos traballos e estrutura do documento.

### 4.1.- Diagrama de fluxo do procedemento de traballo




Ilustración 5. Diagrama de fluxo básico do procedemento.

## 4.2.- Estrutura e contido do documento

O presente documento estruturase segundo o contido mínimo regulado no artigo 3 da Resolución do 26 de decembro de 2023 de Augas de Galicia, pola se aproban as bases reguladoras para a concesión de subvencións aos concellos, en réxime de concorrencia competitiva, destinadas á realización de auditorías municipais das redes de saneamento para a detección de infiltracións.

<b>PARTE 1</b>	<b>DESCRIPCIÓN DETALLADA DO SISTEMA DE SANEAMENTO DO CONCELLO</b>
<p>a) Unha descrición detallada do sistema de saneamento do concello, que conteña, como mínimo, unha explicación do funcionamento do sistema de saneamento, un inventario dos elementos singulares (aliviadoiros, estacións de bombeo de augas residuais e impulsións, fosas sépticas, estacións depuradoras de augas residuais), coas súas principais características, localización e fotografías, os núcleos de poboación conectados a cada rede de saneamento e a poboación estimada conectada.</p>	
<b>PARTE 2</b>	<b>PLANOS EN FORMATO DIXITAL DO SISTEMA DE SANEAMENTO</b>
<p>b) Documentación gráfica, planos en formato dixital (CAD ou SIX), do sistema de saneamento do concello, que conteña como mínimo, as redes de colectores principais, os elementos singulares inventariados e todos os pozos de rexistro ou puntos de control inspeccionados como parte da elaboración da auditoría.</p>	
<b>PARTE 3</b>	<b>SECTORIZACIÓN E DETERMINACIÓN DE PUNTOS DE CONTROL</b>
<p>c) Sectorización do sistema de saneamento do concello, mediante a definición gráfica das bacías e subbacías vertente a cada sector, e a localización dos puntos de control de cada sector.</p>	
<b>PARTE 4</b>	<b>INSPECCIÓN DOS PUNTOS DE CONTROL</b>
<p>d) Inspección dos puntos de control de cada sector, en que se rexistre como mínimo a seguinte información: localización e características dos pozos de rexistro ou puntos de control (estado, dimensións, material, tubaxes entrantes e/ou achegas), data e hora da inspección, condicións climáticas, fotografías exteriores e interiores, resultados das mostras tomadas, en que se analice a condutividade, turbidez e caracterización do fluxo, que inclúa as fotografías dos botes das mostras coa referencia aos puntos de control inspeccionados.</p>	
<b>PARTE 5</b>	<b>DETERMINACIÓN DAS ZONAS A ESTUDAR EN PROFUNDIDADE</b>
<p>e) Análise do resultado da inspección nos puntos de control de cada sector e interpretación das mostras tomadas. Con este estudo identificaranse os tramos de colector que presentan maiores problemas e afeccións relacionadas coas infiltracións (alivios excesivos, roturas, entradas de augas brancas, entradas de auga de mar, parámetros de calidade por encima dos valores normais nunha rede de saneamento, etc.) e as bacías vertentes asociadas, co fin de realizar neles unha inspección máis detallada.</p>	
<b>PARTE 6</b>	<b>INSPECCIÓN EN PROFUNDIDADE DE SECTORES POZO A POZO</b>
<p>f) Inspección detallada dos tramos de colector e as bacías vertentes asociadas seleccionadas segundo o disposto na alínea anterior, mediante a inspección pozo a pozo ata localizar e determinar os motivos dese elevado grao de afección, rexistrando como mínimo a información requirida na alínea d), co alcance necesario para localizar as causas das problemáticas identificadas.</p>	
<b>PARTE 7</b>	<b>INFORME FINAL E PROPOSTAS DE MEDIDAS CORRECTORAS</b>
<p>g) Elaboración dun informe coa recompilación de toda a información xerada, a análise e interpretación dos resultados obtidos, o inventario das deficiencias detectadas e as propostas de medidas correctoras para a súa emenda, priorizadas e valoradas técnica e economicamente.</p>	

Táboa 1. Contido do documento da auditoría



## 5.-PARTE 1 - Descrición detallada do sistema de saneamento do Concello de Meis.

### 5.1.- Planeamento urbanístico

O Concello de Meis dispón dun Plan Xeral de Ordenación Municipal, aprobado con data 23 de maio de 2003, cuxa documentación foi aprobada e publicada tanto no BOP como no DOG. Este documento analizouse detalladamente, para obter toda a información que dalgunha maneira, poida gardar relación coa redacción da auditoría da rede de saneamento para a detección de infiltracións.

## A.D.I.U. S.L.



### I.4.3.- RED DE EVACUACION DE AGUAS RESIDUALES.

EN LA RED DE EVACUACIÓN DE AGUAS RESIDUALES CONSTATAMOS LOS ALCANTARILLADOS MUNICIPALES. TODA VEZ QUE EN MOSTEIRO, CAPITALIDAD DEL MUNICIPIO EXISTE UNA ESTACIÓN DEPURADORA DE AGUAS RESIDUALES (EDAR).

LA RED DE ALCANTARILLADO QUE DISPONE EL AYUNTAMIENTO ES DE CARÁCTER UNITARIO YA QUE RECOGE, BÁSICAMENTE LAS AGUAS FECALES, Y EN ALGUNOS CASOS LAS DE PROCEDENCIA PLUVIOMÉTRICA.

Ilustración 6. Plan Xeral de Ordenación Municipal de Meis: memoria do saneamento.




Ilustración 7. Plan Xeral de Ordenación Municipal de Meis: Plano de información das infraestruturas de saneamento do núcleo urbano de Meis.

### 5.2.- Situación e poboación do Concello de Meis

O Concello de Meis está situado ao oeste da provincia de Pontevedra e esténdese dende o alto do monte Castrove ata as beiras do río Umia cunha extensión de 52 km<sup>2</sup>. Limita ao norte, con Vilanova de Arousa (coa parroquia de Baión); o sur, con Poio (parroquias de Combarro e Samieira) e Meaño (parroquia de Simes); ó Leste, con Portas (parroquia de Romai), Barro (parroquias de Curro, Agudelo e Valiñas) e Poio (parroquia de San Xoán de Poio) e ó Oeste, con Meaño (parroquias de Meaño, Xil e Covas) e Ribadumia (parroquias de Barrantes, Ribadumia, Besomaño e Lois).

As parroquias que forman o Concello de Meis son: Armenteira, Paradela, Nogueira, Meis, San Martiño de Meis, San Lourenzo de Nogueira e Santo Tomé de Nogueira.

Situación xeográfica: Latitude: 42º 31´ Norte, Lonxitude 8º 42´ Oeste.

Altitude media: 55m sobre o nivel do mar



Ilustración 8. Localización do concello

Segundo datos censuais do INE 2022 a poboación é de 4.706 habitantes, distribuídos entre as parroquias seguintes:

PARROQUIA	Poboación Datos INE Ano 2022
A ARMENTEIRA (SANTA MARÍA)	747
SAN MARTIÑO DE MEIS (SAN MARTIÑO)	461
MEIS (SAN SALVADOR)	421
SAN LOURENZO DE NOGUEIRA (SAN LOURENZO)	584
NOGUEIRA (SAN VICENTE)	891
SAN TOMÉ DE NOGUEIRA (SAN TOMÉ)	694
PARADELA (SANTA MARÍA)	908

Táboa 2. Poboación do concello por parroquias



### 5.3.- Explicación do funcionamento do sistema de saneamento do Concello de Meis.

Debido á tipoloxía de asentamento do Concello de Meis, predominantemente rural e diseminado, contando con 96 núcleos de poboación distribuídos en 7 parroquias. Dos 96 núcleos do concello, o 90 % son núcleos diseminados. Esa dispersión fixo que, o sistema de saneamento do Concello de Meis funcione con sistemas de saneamento de funcionamento independente. Por esta dispersión, cada sistema de saneamento da servizo a unha agrupación de núcleos sen relacionarse entre os diferentes sistemas.

Na actualidade, o sistema de saneamento do Concello de Meis está composto por 9 E.D.A.R. (Estacións depuradoras de Augas Residuais) e 2 E.B.A.R. (Estacións de Bombeo de Augas Residuais), 2 fosas sépticas e un filtro previo á EDAR de Baralla.

### 5.4.- Inventario dos elementos singulares do sistema de saneamento do Concello de Meis.

Para o desenvolvemento da presente auditoría realizouse un completo inventario de tódolos elementos singulares do sistema de saneamento do termo municipal do Concello de Meis. A continuación, achegamos o listado de infraestruturas do sistema de saneamento do Concello de Meis e a súa localización:

NOME	TIPO	COORDENADAS ETRS89 UTM fuso 29	
		X	Y
EDAR DE VALBOA	EDAR	520985,48	4700695,07
EDAR DE VILAR	EDAR	521064,13	4701772,72
FOSA SÉPTICA RUTA DA PEDRA E DA AUGA	FS+EBAR	520346,68	4704237,63
FOSA SÉPTICA DE SILVOSO	FS	522230,89	4704990,21
BOMBEO DE PENENTE	EBAR	523404,76	4706026,48
EDAR DE PAIENDES	EDAR	523886,98	4706974,69
EDAR O PAZO-MOSTEIRO	EDAR	524932,28	4706901,03
EDAR DE BARALLA	EDAR	524202,55	4707804,81
FILTRO DE BARALLA	FILTRO	524140,44	4707552,48
FOSA SÉPTICA AVDA. MÉDICO PAZ	EDAR	524612,74	4707811,49
EDAR RIALDONIO	EDAR	525233,04	4708042,07
EDAR OUTEIRO-PARADELA	EDAR	522511,85	4710650,57
EDAR LANTAÑÓN	EDAR	524300,46	4711925,85

Táboa 3. Inventario de infraestruturas de saneamento do concello

A continuación, achegamos a ficha descriptiva e fotografías das EDAR e EBAR do sistema de saneamento do concello:

EDAR DE VALBOA			
<b>Localización</b>	Valboa	<b>Coordenadas ETRS89 UTM fuso 29</b>	X: 520985,48 Y: 4700695,07
<b>Tipo de instalación</b>	EDAR de SMAC tratamento secundario	<b>Xestión</b>	Municipal
		<b>Elementos da instalación</b>	Reixa. Bombeo de entrada, soplante, equipo de Ozono, filtro de sólidos, recirculación
<b>Vertido</b>	Regato da Armenteira	<b>Núcleos servidos</b>	Valboa e Valdedeus

Táboa 4. Ficha da EDAR DE VALBOA



Ilustración 9. Fotografías da EDAR DE VALBOA



EDAR DE VILAR			
<b>Localización</b>	Vilar	<b>Coordenadas ETRS89 UTM fuso 29</b>	X: 521064,13 Y: 4701772,72
<b>Tipo de instalación</b>	EDAR tratamento secundario	<b>Xestión</b>	Municipal
		<b>Elementos da instalación</b>	Bombeo de entrada. Rototamiz. Soplante. Desarenador. Equipo UV. Decantador. Biodiscos.
<b>Vertido</b>	Regato	<b>Núcleos servidos</b>	Vilar

Táboa 5. Ficha da EDAR DE VILAR



Ilustración 10. Localización EDAR DE VILAR.



FOSA SÉPTICA RUTA DA PEDRA E DA AUGA			
<b>Localización</b>	Zona de servizo na ruta da pedra e da auga	<b>Coordenadas ETRS89 UTM fuso 29</b>	X: 520346,68 Y: 4704237,63
<b>Tipo de instalación</b>	Fosa séptica	<b>Xestión</b>	Municipal
		<b>Elementos da instalación</b>	Fosa séptica e bombeo
<b>Vertido</b>	Fosa estanca, reconvertida en bombeo. Bombea á rede de saneamento municipal	<b>Núcleos servidos</b>	Bar e servizos

Táboa 6. Ficha da FOSA SÉPTICA RUTA DA PEDRA E DA AUGA



Ilustración 11. Fotografías da FOSA SÉPTICA RUTA DA PEDRA E DA AUGA



FOSA SÉPTICA DE SILVOSO			
<b>Localización</b>	Estrada	<b>Coordenadas ETRS89 UTM fuso 29</b>	X: 522230,89 Y: 4704990,21
<b>Tipo de instalación</b>	Fosa séptica	<b>Xestión</b>	Municipal
		<b>Elementos da instalación</b>	Reixa. Fosa séptica
<b>Vertido</b>	Regato	<b>Núcleos servidos</b>	O Redondelo, A Igrexa, A Medoña, Silvoso, O Tombo

Táboa 7. Ficha da FOSA SÉPTICA DE SILVOSO



Ilustración 12. Fotografías da FOSA SÉPTICA DE SILVOSO



EBAR PENENTE/PARQUE ACUÁTICO			
<b>Localización</b>	Cruce en Penente	<b>Coordenadas ETRS89 UTM fuso 29</b>	X: 523404,76 Y: 4706026,479
<b>Tipo de instalación</b>	Estación de bombeo	<b>Xestión</b>	Municipal
		<b>Elementos da instalación</b>	Bombeo
<b>Vertido</b>	EDAR de Ribadumia Xestión mancomunidade	<b>Núcleos servidos</b>	Penente, Quintáns e parte de O Marco

Táboa 8. Ficha da EBAR PENENTE/PARQUE ACUÁTICO



Ilustración 13. Fotografías da EBAR PENENTE/PARQUE ACUÁTICO



EDAR DE PAIENDES			
Localización	Paiendes	Coordenadas ETRS89 UTM fuso 29	X: 523886,98 Y: 4706974,69
Tipo de instalación	EDAR tratamento secundario	Xestión	Municipal
		Elementos da instalación	Rexilla de grosos. Canal de desbaste. Desarenador. Biodiscos. Decantador.
Vertido	Regato	Núcleos servidos	Paiendes, Tallón, Caticovas, Veiga da Vila

Táboa 9. Ficha da EDAR de EDAR DE PAIENDES



Ilustración 14. Fotografías da EDAR DE PAIENDES



EDAR O PAZO (MOSTEIRO)			
<b>Localización</b>	O Pazo	<b>Coordenadas ETRS89 UTM fuso 29</b>	X: 524933,3 Y: 4706905,27
<b>Tipo de instalación</b>	EDAR de SMAC tratamento secundario	<b>Xestión</b>	Municipal
		<b>Elementos da instalación</b>	Bombeo de entrada. Rototamiz. Equipo de Ozono. Soplante. Recirculación.
<b>Vertido</b>	Regato	<b>Núcleos servidos</b>	Arcos, Nogueiró de Abaixo, Nogueiró de Arriba, O Mosteiro, O Pazo, Rial, Brea, Seixo, Pedras, Fontenla

Táboa 10. Fotografías da EDAR O PAZO (MOSTEIRO)



Ilustración 15. Fotografías da EDAR O PAZO (MOSTEIRO)



FILTRO PREVIO EDAR BARALLA			
<b>Localización</b>	Estrada de Cambados, a saída de O Mosteiro na ponte que cruza o río na marxe do regato.	<b>Coordenadas ETRS89 UTM fuso 29</b>	X: 524140,44 Y: 4707552,48
<b>Tipo de instalación</b>	Filtro	<b>Xestión</b>	Municipal
		<b>Elementos da instalación</b>	Reixa
<b>Vertido</b>	EDAR de Baralla	<b>Núcleos servidos</b>	O Mosteiro, Rochela, Lomba, Fondo de Vila, Zacande, Monte de Casa

Táboa 11. Ficha do FILTRO PREVIO EDAR BARALLA



Ilustración 16. Fotografías do FILTRO PREVIO EDAR BARALLA



EDAR DE BARALLA			
<b>Localización</b>	Baralla	<b>Coordenadas ETRS89 UTM fuso 29</b>	X: 524202,55 Y: 4707804,81
<b>Tipo de instalación</b>	EDAR tratamento secundario	<b>Xestión</b>	Municipal
		<b>Elementos da instalación</b>	Bombeo de entrada. Rototamiz. Soplantes. Bomba de recirculación.
<b>Vertido</b>	Regato	<b>Núcleos servidos</b>	O Mosteiro, Rochela, Lomba, Fondo de Vila, Zacande, Monte de Casa

Táboa 12. Ficha da EDAR DE BARALLA



Ilustración 17. Fotografías da EDAR DE BARALLA



FOSA SÉPTICA AVENIDA MÉDICO PAZ			
<b>Localización</b>	Avenida Médico Paz (O Rial-Mosteiro)	<b>Coordenadas ETRS89 UTM fuso 29</b>	X: 524612,74 Y: 4707811,49
<b>Tipo de instalación</b>	Fosa séptica	<b>Xestión</b>	Municipal
		<b>Elementos da instalación</b>	Decantador dixestor en formigón, 3 arquetas e respiradoiros de PVC
<b>Vertido</b>	Regato	<b>Núcleos servidos</b>	Rial, Fontenla, O Pazo, O Mosteiro

Táboa 13. Ficha da FOSA SÉPTICA AVENIDA MÉDICO PAZ



Ilustración 18. Fotografías da FOSA SÉPTICA AVENIDA MÉDICO PAZ



EDAR DE RIALDONIO/CAVADA			
<b>Localización</b>	Rialdonio	<b>Coordenadas ETRS89 UTM fuso 29</b>	X: 525233,04 Y: 4708042,07
<b>Tipo de instalación</b>	EDAR tratamento secundario	<b>Xestión</b>	Municipal
		<b>Elementos da instalación</b>	Bombeo de entrada. Rototamiz. Soplante. Desarenador. Biodiscos. Decantador.
<b>Vertido</b>	Regato	<b>Núcleos servidos</b>	Rialdonio e pouco en Cavada

Táboa 14. Ficha da EDAR DE RIALDONIO/CAVADA



Ilustración 19. Fotografías da EDAR DE RIALDONIO/CAVADA



EDAR DE OUTEIRO (PARADELA)			
<b>Localización</b>	Outeiro (Paradela)	<b>Coordenadas ETRS89 UTM fuso 29</b>	X: 522511,85 Y: 4710650,57
<b>Tipo de instalación</b>	EDAR tratamento secundario	<b>Xestión</b>	Municipal
		<b>Elementos da instalación</b>	Bombeo de entrada. Rototamiz. Soplante. Desarenador. Biodiscos. Decantador.
<b>Vertido</b>	Regato	<b>Núcleos servidos</b>	Carregal, Penaboi, O Casal, A Modia, Outeiro, Muíño de Arriba, Ponte Nova

Táboa 15. Ficha da EDAR DE OUTEIRO (PARADELA)



Ilustración 20. Fotografías da EDAR DE OUTEIRO (PARADELA)



EDAR DE LANTAÑÓN			
<b>Localización</b>	Lantañón	<b>Coordenadas ETRS89 UTM fuso 29</b>	X: 524300,46 Y: 4711925,85
<b>Tipo de instalación</b>	EDAR tratamento secundario	<b>Xestión</b>	Municipal
		<b>Elementos da instalación</b>	Bombeo de entrada. Rototamiz. Soplante. Equipo de Ozono. Recirculación. Analizador de Oxixeno.
<b>Vertido</b>	Río Umia	<b>Núcleos servidos</b>	Parte da estrada hacia Vilagarcía. Pompeán, As Portelas, A Goulla, Mouxán, Vilanoviña, A Moroza, Lantañón, O Noval

Táboa 16. Ficha da EDAR DE LANTAÑÓN



Ilustración 21. Fotografías da EDAR DE LANTAÑÓN

O mapa que achegamos a continuación, mostra a división da rede de saneamento do Concello de Meis en concas vertentes localizando as infraestruturas inventariadas e descritas anteriormente:




Ilustración 22. Plano xeral das concas vertentes coas infraestruturas inventariadas



## 6.-PARTE 2 - Planos en formato dixital do sistema de saneamento do Concello de Meis.

### 6.1.- Incorporación da información a SIX.

Durante a realización dos traballos da auditoría levouse a cabo a creación dun proxecto SIX (Sistema de Información Xeográfica) mediante o software QGIS con licenza pública GNU-GPL . Dito proxecto será entregado conxuntamente coa auditoría ao Concello de Meis.

O proxecto SIX consta de arquivos shapes (.SHP) de nova creación onde se localizan sobre o terreo os diferentes elementos inventariados, referidos ó sistema de referencia ETRS89 Fuso 29 zona norte. Cada elemento inventariado leva asociado nunha liña de rexistro dentro da base de datos (xeodatabase) unha serie de campos que recollen os datos de mostraxe e a codificación empregada para a localización unívoca de cada elemento inventariado.

Os elementos do sistema para os que se creou un arquivo SHP son os que se enumeran a continuación:

- 01\_PUNTOS DE CONTROL (PC) . Puntos de control para cada conca vertente
- 02\_ESTACIONES DEPURADORAS. EDAR
- 03\_FOSAS SEPTICAS
- 04\_ESTACION BOMBEO EBAR
- 05\_POZOS\_PZ: Relación de pozos auditados
- 06\_INCIDENCIAS: Incidencias rexistradas en pozos puntos de control e infraestruturas.
- 07\_CONCAS DE VERTIDO: Relación das concas e subconcas de vertido sobre os puntos de control auditados
- 08\_HIDROGRAFIA

O sistema de codificación cada elemento inventariado segue un sistema automatizado de codificación dentro do propio proxecto SIX deste xeito conséguese un sistema intuitivo e unívoco de numeración para cada elemento. O procedemento de codificación dos puntos inventariados explícase no punto 7.3 do presente documento.

### 6.2.- Planos en formato dixital.

Ademais do proxecto GIS levado a cabo e entregado conxuntamente coa presente auditoría, achégase como documentación gráfica, planos en formato dixital do sistema de saneamento do Concello de Meis, mostrando as concas vertentes, os elementos singulares inventariados, os puntos de control e pozos de rexistro inspeccionados, as redes de colectores principais e as incidencias localizadas como parte da elaboración da auditoría.

Ditos planos, achéganse ao final do presente documento como **ANEXO 1: PLANOS.**



### 7.-PARTE 3 - Sectorización e determinación de puntos de control do sistema de saneamento do Concello de Meis.

A sectorización do sistema de saneamento do concello é unha das partes máis importantes para a realización das auditorías e para optimizar os recursos de inspección, limitando as zonas afectadas para a inspección de detalle.

#### 7.1.- Determinación de concas vertentes.

A sectorización realízase mediante a definición gráfica das concas e subconcas vertente a cada sector, e a localización dos puntos de control de cada sector. O mapa que achegamos a continuación, mostra a división da rede de saneamento en concas vertentes adoptada para o estudo do comportamento das infiltracións:




Ilustración 23. Plano xeral das concas vertentes do Concello de Meis



### 7.2.- Determinación dos puntos de control.

Para cada conca vertente fixamos un punto de control, a través da cal circula todo o caudal de auga residual asociado. Os puntos de control poderán coincidir con algún dos elementos singulares identificados no sistema de saneamento, de tal xeito que resulte sinxelo realizar unha inspección visual e realizar a toma de mostras. O mapa que achegamos a continuación, mostra as concas vertentes do sistema de saneamento e a localización do punto de control de cada sector:




Ilustración 24. Plano xeral das concas vertentes cos puntos de control asociados



### 7.3.- Codificación dos puntos inventariados.

Para a realización da tarefas de inspección dos puntos de control e, posteriormente, inspección dos sectores pozo a pozo, desenvolveuse unha codificación específica para o Concello de Meis. Dita codificación, facilitará os traballos de campo e volcado da información, obtendo en cada código de toda a información precisa para localizar o punto inventariado e as súas principais características.

A continuación, explicamos a codificación levada a cabo para os traballo de campo da presente auditoría:




Ilustración 25. Codificación dos puntos inventariados




Ilustración 26. Imaxes exemplo da codificación de puntos de control de Meis

#### CONSIDERACIÓNS:

01] Cando nun mesmo punto de control (PC) conflúen dúas concas, considéranse dous puntos de control diferentes a efectos de nomenclatura aínda que se trate do mesmo pozo.

02] A consideración de Punto de control (PC) non distingue na nomenclatura se se trata de Pozo (Pz), Bombeo (EB) ou Depuradora (FS ou DE). Para a distinción esta a iconografía do punto e os restantes datos da base de datos e fichas.

03] Cando non existe unha subconca a nomenclatura é sempre "00". Danse dúas situacións nas que non se considera que existe subconca na nomenclatura:

1] cando se trata do punto de desfogue de toda unha conca o punto de control recibe as augas de toda a conca e por tanto a subconca será "00" a pesar de existir outros puntos de control augas arriba que reciben augas de subconcas, nese caso estes puntos de control terán numerada a subconca.

2] Cando non existan ou non se consideren a efectos do estudo ningunha subconcas.

4] O código empregado esta formado por un conxunto concatenado de 5 campos, configúrase automaticamente na base de datos do GIS, desta forma é UNIVOCO e permite ser revisado e/o cambiado mediante filtrados automáticos.

5] Pódese xerar de forma automática o código de incidencias incluíndo un sexto campo "IN" de forma que se xere un código do tipo :

**INPC010001 (INCIDENCIA EN PUNTO DE CONTROL Nº1 DE CUENCA 1)**



## 8.-PARTE 4 – Inspección dos puntos de control do sistema de saneamento do Concello de Meis.

Na presente parte, realizamos a inspección sobre o terreo dos puntos de control previamente determinados para cada sector e subsector. Coa inspección do punto de control obteremos información acerca das características da auga residual circulante, en concreto no referente ao caudal circulante aproximado e ao grado de dilución por augas brancas ou entrada de auga salgada se procede.

A continuación, definimos o procedemento realizado para a inspección dos puntos de control:

- Recompilación da seguinte información:
  - Codificación do punto de control mediante o procedemento explicado anteriormente.
  - Data e hora da inspección
  - Condicións climáticas
  - Fotografía exterior do pozo, croquis da súa localización e coordenadas.
  - Apertura do pozo.
  - Fotografía do interior do pozo.
  - Toma de datos do pozo: tapa, material, diámetro, profundidade, número de conexións e características (diámetros tubaxes de entrada e saída e materiais).
  - Aforado: estimación de caudal que chega.
  - Caudal esperado: a determinar segundo os núcleos conectados.
  
- Toma de mostra en bote mediante pértega para a realización de análises. Realizamos os seguintes controis:

### 1. Caudal circulante:

Caudal esperado: a determinar segundo os núcleos conectados (dotación media de 250 l/hab)

Aforado: estimación de caudal total que chega.

Clasificación do sector (Q observado / Q estimado)


Q observado / Q estimado	ESTUDO de infiltración pozo a pozo
> 20 %	SI
< 20 %	NON

Táboa 17. Control comparativo de caudais para análise pozo a pozo



### 2. Turbidez:

Toma de mostras e comparar coa paleta de mostras de turbidez.



INFILTRACIÓNS ← Mostra máis clara

Considerarase que son augas susceptibles de estar afectadas por infiltracións aquelas que presenten un valor de turbidez inferior a 200 NTU.

Ilustración 27. Paleta de valores de turbidez

Mostra tomada	ESTUDO de infiltración pozo a pozo
< 200 FNU	SI
> 200 FNU	NON

Táboa 18. Control de turbidez para análise pozo a pozo

### 3. Condutividade:

Toma de mostras e analizar co conductímetro portátil .

Características da auga	Valor condutividade En mS/cm (milisiemens)
Presencia augas brancas	< 0,3
Valores normais saneamento	Entre 0,3 e 5
Presencia augas salgadas	> 5

Táboa 19. Valores para análise da condutividade

#### - Outra información:

Na realización destas inspeccións existe un certo grao de subxectividade, o equipo de traballo adscrito para a realización da Auditoría das redes de saneamento para a detección de infiltracións do Concello de Meis conta con criterio técnico e experiencia en explotación de redes de saneamento e na deteccións de infiltracións e a súa posible orixe.





Nº	Código Punto de control	Conca asociada	Rede	Poboación	Caudal esperable (m <sup>3</sup> /ano)	Caudal observado (m <sup>3</sup> /ano)	Turbidez (NTU)	Conductividade (mS/cm)	Grado de afectación (Moi grave, Grave, Moderado, Leve)	Estudo de infiltracións na conca/subconca asociada (SI / NON)
1	MEPC010001	B1	VALBOA	141	12866	12614	<200	0,27	Grave	SI
2	MEPC010001	B1	VALBOA	35	3194	3153	<200	0,31	Grave	SI
3	MEPC010001	B1	VALBOA	28	2555	3153	>200	1,31	Leve	NON
4	MEPC020003	B2	VILAR	57	5201	7884	<200	0,49	Grave	SI
5	MEPC020003	B3	RUTA PEDRA-AUGA	0	0	1576	<200	0,35	Moderado	SI
6	MEPC050001	B5	SILVOSO	63	5749	3153	>200	0,78	Leve	NON
7	MEPC050002	B5	SILVOSO	31	2829	1576	>200	0,36	Leve	NON
8	MEPC050003	B5	SILVOSO	25	2281	1576	>200	0,31	Moderado	SI
9	MEPC060004	B6	PENENTE	35	3194	1576	<200	0,15	Grave	SI
10	MEPC070004	B7	PALENDES	121	11041	1576	<200	0,71	Moderado	SI
11	MEPC080001	B8	O PAZO-MOSTEIRO	144	13140	6307	<200	0,7	Moderado	SI
12	MEPC090001	B9	BARALLA	324	29565	63072	<200	0,35	Grave	SI
13	MEPC100001	B10	AV. MEDICO PAZ	151	13779	3153	>200	1,3	Leve	NON
14	MEPC110001	B11	RIALDONIO	79	7209	1576	<200	0,24	Grave	SI
15	MEPC120001	B12	OUTEIRO - PARADELA	167	15239	15768	>200	0,8	Leve	NON
16	MEPC130001	B13	LANTAÑÓN	191	17429	3153	>200	0,36	Leve	NON

Táboa 20. Táboa resumen dos resultados da inspección dos puntos de control



## 9.-PARTE 5 – Determinación das zonas a estudar en profundidade.

Na presente parte, realizamos a selección dos sectores e subsectores a estudar en profundidade en función dos resultados obtidos nas inspeccións dos puntos de control representativos de cada zona.

Como se deduce da táboa resumen anterior, para o sistema de saneamento do Concello de Meis, determináronse 16 puntos de control para 13 concas vertentes e as súas respectivas subconcas vertentes.

Para os puntos de control inspeccionados, realízase a seguinte clasificación:

- Sector sen risco de infiltracións, por falta de evidencias ou risco de infiltración: NON
- Sector cun risco de infiltracións, por evidencias ou risco de infiltración: SI

Dos 16 puntos de control analizados, defínese que existen **9 concas con necesidade de estudo de infiltración en profundidade**.

Código Punto de control	Conca asociada	Rede	Estudo de infiltracións na conca/subconca asociada (SI / NON)
MEPC010001	B1	VALBOA	SI
MEPC020003	B2	VILAR	SI
MEPC020003	B3	RUTA PEDRA-AUGA	SI
MEPC050003	B5	SILVOSO	SI
MEPC060004	B6	PENENTE	SI
MEPC070004	B7	PAIENDES	SI
MEPC080001	B8	O PAZO-MOSTEIRO	SI
MEPC090001	B9	BARALLA	SI
MEPC110001	B11	RIALDONIO	SI

Táboa 21. Listado de concas e subconcas con necesidade de estudo en profundidade.



### 10.- PARTE 6 – Inspección en profundidade de sectores pozo a pozo.

Unha vez seleccionados os sectores e subsectores a estudar en profundidade realízase unha inspección de detalle destes, seguindo as seguintes premisas:

- Inspección de detalle das zonas afectadas (a criterio de inspector).
- Inspeccionar en dirección augas abaixo-augas arriba os tramos con incidencia, dende a sección de control.
- Cando se observe que non existe aporte de caudal ou de infiltración augas arriba (non hai dilución) descartarase a zona situada augas arriba.
- Identificación das distintas deficiencias sobre o terreo.

O resultado final en cada sector/subsector estudiado debe ser, polo tanto, a localización das incidencias que provocan as infiltracións e/ou problemáticas detectadas.

Durante a inspección en profundidade dos sectores pozo a pozo, recompilárase toda a información necesaria que no facilite a localización das deficiencias. Con toda esa información recompilada da inspección pozo a pozo, cubrimos a ficha de inspección de pozo de rexistro. Para o Concello de Meis, deseñouse unha ficha que incorpora toda a información necesaria para a localización das deficiencias. Achegamos a continuación o modelo de ficha deseñado:

FICHA DE INSPECCIÓN DE POZO DE REGISTRO						
<b>Identificación do pozo</b>		<b>Localización do pozo</b>		<b>Detalles da inspección</b>		<b>Pozo de rexistro</b>
Código de Pozo		X (UTM)		Data e hora		Tapa
Punto de control		Y (UTM)		Condições climáticas		Diámetro
Cód. punto control		Z (UTM)		Inspector		Material
						Profundidade
<b>SITUACIÓN</b>		<b>FOTOGRAFÍAS POZO</b>				
<b>FOTOGRAFÍAS ANÁLISE TURBIDEZ</b>		<b>FOTOGRAFÍAS ANÁLISE CONDUTIVIDADE</b>				
<b>FOTOGRAFÍAS DE INCIDENCIAS LOCALIZADAS</b>		<b>CROQUIS PLANTA</b>				
		<b>ALZADO</b>				

Ilustración 29. Modelo de ficha de inspección de pozo de rexistro

Como se definiu na parte anterior, os sectores a estudar en profundidade pozo a pozo son os seguintes:

Código Punto de control	Conca asociada	Rede
MEPC010001	B1	VALBOA
MEPC020003	B2	VILAR
MEPC020003	B3	RUTA PEDRA-AUGA
MEPC050003	B5	SILVOSO
MEPC060004	B6	PENENTE
MEPC070004	B7	PAIENDES
MEPC080001	B8	O PAZO-MOSTEIRO
MEPC090001	B9	BARALLA
MEPC110001	B11	RIALDONIO

Táboa 22. Sectores a inspeccionar en profundidade

As fichas completas de inspección do pozo a pozo achéganse ao final do presente documento como **ANEXO 3: FICHAS DE INSPECCIÓN POZO A POZO.**



### 10.1.- Incidencias detectadas na inspección en profundidade realizada.

O obxectivo da presente parte “Inspección en profundidade de sectores pozo a pozo” non é outro que atopar as incidencias que causan as infiltracións á rede de saneamento do Concello de Meis.

Unha vez localizados os motivos de elevado grao de afección, rexistramos a información necesaria para localizar as causas, explicando as consecuencias que provocan e facendo unha proposta de medidas correctoras. Para o Concello de Meis, deseñouse unha ficha que incorpora toda a información necesaria para a definición da incidencia detectada.

As fichas completas de incidencias achéganse ao final do presente documento como **ANEXO 4: FICHAS DE INCIDENCIAS**.

Achegamos a continuación o modelo de ficha deseñado:

FICHA DE INCIDENCIA		
Identificación da incidencia	Localización da incidencia X (UTM) Y (UTM) Z (UTM)	Referencia cuenca / punto de control
<p><b>FOTOGRAFÍAS E VÍDEOS</b></p> <p>Refer. Video</p>		
<p><b>ESQUEMA</b></p>		
<p><b>DESCRIPCIÓN E CONSECUCENCIAS</b></p> <p>No núcleo de Moreira localízase un lavadoiro cuxa augas sobrantes están dirixidas cara unha arqueta pertencente á rede de saneamento. O que orixina que o caudal procedente do lavadoiro, entra ao sistema de saneamento e chega ao bombeo localizado augas abaixo (bombeo de Moreira). Caudal aproximado procedente do lavadoiro: 0,5 l/s</p> <p>- Por exemplo: un recipiente de 2 litros tarda 4 segundos en encherse: <math>Q = 0,5 \text{ l/s}</math>.</p>		
<p><b>PROPOSTA DE MEDIDAS CORRECTORAS</b></p> <p>Interceptar o desaguadoiro do lavadoiro, eliminar a conexión á rede de saneamento e executar unha canalización de PE Ø110mm ata á rede de pluviais augas abaixo, localizada a 45 metros. Execución no asfalto: corte aglomerado, excavación, 45 metros tubaxe e reposición.</p>		

Ilustración 30. Modelo de ficha de incidencia



Enumeramos a continuación as incidencias detectadas durante os traballos de inspección en profundidade:

Nº Ficha	Código Incidencia	Conca asociada
1	I010001	B1
2	I020001	B2
3	I020002	
4	I030001	B3
5	I050001	B5
6	I060001	B6
7	I070001	B7
8	I070002	
9	I080001	B8
10	I080002	B9
12	I090002	
13	I090003	
14	I090004	
15	I090005	
16	I090006	
17	I090007	
18	I090008	
19	I090009	
20	I090010	
21	I110001	B11

Táboa 23. Índice das fichas das incidencias



O mapa que achegamos a continuación, mostra a localización das incidencias detectadas no sistema de saneamento:




Ilustración 31. Plano xeral das concas vertentes do concello coas incidencias detectadas.



## 11.- PARTE 7 – Informe final e propostas de medidas correctoras.

Esta última parte da auditoría, recompila toda a información a modo informe final dos traballos realizados, resume os resultados obtidos e deficiencias detectadas e realízanse as propostas de medidas correctoras para a súa corrección, priorizando e valorando as actuacións a executar.

### 11.1.- Resumo da campaña realizada

Os traballos necesarios para a realización da Auditoría municipal da rede de saneamento para a detección de infiltracións do Concello de Meis constan de 2 tipos de traballos: traballos de gabinete e traballos de campo.

Os **traballos de gabinete** realizados pódense resumir, esquematicamente, nos seguintes:

- Recompilación de información previa e estudo (cartografía da rede, elementos singulares, estudos previos, proxectos en curso).
- Representación esquemática da documentación, sectorización do sistema de saneamento, determinación puntos de control e proxecto SIX.
- Redacción dos procedementos de inspección e fichas de toma de datos
- Selección de zonas afectadas e organización da inspección en profundidade.
- Recompilación de datos e preparación de entregables
- Entrega final (informes, análises, interpretación, deficiencias e propostas)

Os **traballos de campo** realizados pódense resumir, esquematicamente, nos seguintes:

- Visita de contacto: visita dos puntos singulares do sistema de saneamento co persoal designado polo Concello de Meis, encargado e operarios do concello.
- Visitas de sectorización: inspección das seccións de control e caracterización de cada un dos sectores.
- Visitas de inspección de detalle: para a análise en profundidade dos sectores seleccionados, inspección dunha fracción elevada dos pozos de rexistro presentes en zonas concretas a fin de detectar os puntos de infiltración presentes nas zonas fortemente afectadas.

## 11.2.- Inventario de incidencias detectadas

A continuación, achegamos o inventario das incidencias detectadas coa descrición das deficiencias:

Código Incidencia	Conca asociada	Descrición deficiencia
I010001	B1	Obsérvase a entrada de auga limpa por infiltración no interior do pozo, por rotura do mesmo no fondo, xunto á tubería d ePVC. Existe un nacente de auga limpa que se deriva a imbornal próximo ó pozo de saneamento. A análise da auga do saneamento ofrece parámetros normais.
I020001	B2	Mangueira de PE estreita conectada ó pozo de saneamento procedente da finca
I020002		Pozo e tapa de formigón con roturas. Entrada de augas por escorrentía e chuvia ou crecentes do río Armenteira.
I030001	B3	Pozo fora de servizo con entrada de auga limpa no mesmo.
I050001	B5	Valor cercano a unha posible infiltracion de auga limpa, no se detecta a procedencia augas arriba por non atopar pozos de saneamento. O valor de conductividade diminúe con respecto ó pozo anterior
I060001	B6	Detectada entrada de auga limpa desde casa Lusio conectada á rede de saneamento aínda sen enganchar nas vivendas
I070001	B7	Sedimento de areas no fondo do pozo, posibles grietas
I070002		Atópase conexión de pozo de rexistro (PVC 160 mm) que bota auga limpa a pozo de saneamento
I080001	B8	Infiltracións por escorrentía. Tapa de arqueta con buratos. Pozo colmatado na entrada e2. Sedimentos no fondo do pozo
I080002	B9	Infiltracións por escorrentía. Rotura exterior do pozo
I090002		Infiltra ó exterior no fondo do pozo con perda de carga que verte a regato. Do mesmo modo, coa subida do regato infiltrarase na rede de saneamento.
I090003		Pozo aparentemente sen caudal. Presenta rotura e perda de todo o caudal. Do mesmo modo, coa subida do regato infiltrarase na rede de saneamento.
I090004		Aparecen 2 conduccións paralelas: pluviais e saneamento. En episodios de chuva alíviase á rede de saneamento
I090005		Aparece unha conducción que amosa un parámetro de conductividade relativamente baixo. Procede da parcela do CEIP
I090006		Rotura interior no pozo que está moi próximo a pozo de pluviais. En episodios de chuva alíviase á rede de saneamento
I090007		Baixante de finca particular conectada ó pozo de saneamento
I090008		Recolle parte das pluviais do recinto feira gando nun pozo de saneamento
